



PROXECTO LECTOR

Curso 2011/2012

PROXECTO LECTOR DO IES MURALLA ROMANA

INTRODUCCIÓN

1 ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO

- 1.1 Prácticas lectoras e da escrita do alumnado.
- 1.2 Identificación de logros e dificultades.
- 1.3 Análise das metodoloxías empregadas
- 1.4 Recursos materiais e humanos: situación da Biblioteca Escolar e outros recursos.
- 1.5 Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

2 OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS, METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN

- 2.1 Obxectivos:
 - 2.1.1 Formación de lectores competentes.
 - 2.1.2 Creación e consolidación de hábitos de lectura.
- 2.2 Fundamentos.
- 2.3 Metodoloxía e recursos:
 - 2.3.1 Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.
 - 2.3.2 A aplicación das aprendizaxes lectoras na escrita.
 - 2.3.3 Promoción das actividades lectoras nas Programacións dos Departamentos.
 - 2.3.4 Promoción da lectura na casa.
 - 2.3.5 Promoción doutras bibliotecas.
 - 2.3.6 Recursos.
- 2.4 Organización:
 - 2.4.1 Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.
- 2.5 Coordinación do Proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.

3 INTERVENCIÓNS QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR

- 3.1 Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas
- 3.2 Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas
- 3.3 Actividades de educación documental (educación en información).
- 3.4 Integración das TIC.
- 3.5 Implicación das familias e do entorno.

4 CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- 4.1 Elaboración de instrumentos.
- 4.2 Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación.

INTRODUCCIÓN

Segundo o Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, plans lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas. As bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e facilitar ao alumnado tanto o acceso á información e a outros recursos para a aprendizaxe de áreas e materias, coma a posibilidade de formarse no uso crítico dos mesmos.

1 ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO

Para a elaboración do Plan Lector, dende a Biblioteca fíxose unha enquisa durante o curso 2010-2011 que servise para valorar o nivel inicial de competencia, implicación e gusto lector do alumnado do IES.

1.1 Prácticas lectoras e da escrita do alumnado.

A valoración dos resultados da enquisa aos alumnos/as fíxose dun xeito xeral naqueles aspectos que se consideraron máis significativos para a elaboración do Plan Lector.

A enquisa pasouse aleatoriamente a catro alumnos de cada curso de ESO e BAC, e foi respondida por 48 alumnos/as dun total de 50 enquisados.

En liñas xerais, a maioría dos alumnos/as len algo e só unha minoría recoñece ler bastante de xeito habitual. Obsérvase que o hábito lector diminúe a medida que ascendemos de curso, len máis nos primeiros cursos da ESO para descender progresivamente ata limitarse aos libros de lectura obrigatoria dos diferentes Departamentos de linguas en BAC. Paralelo a este resultado, en primeiro de ESO a lectura por pracer aínda está moi presente, para converterse nos cursos sucesivos en algo obrigatorio, imposto pola lectura das diferentes linguas. A porcentaxe aumenta considerablemente nos curso de 4º de ESO e 1º de BAC. Len algo acotío en porcentaxes moi baixas, que se incrementa lixeiramente nas vacacións, pero a lectura non é, en xeral, nin diaria nin semanal.

Os alumnos/as len revistas e xornais, case nunca libros de lectura propiamente ditos por iniciativa súa. A maioría dos alumnos/as len unha media de dúas a tres horas semanais.

Dedican máis tempo a ver a televisión (máis de seis horas) que ao estudo (entre tres e seis horas por termo medio).

As súas preferencias son os libros de terror, seguidos polos de misterio e humor.

Rexeitan as biografías, os libros de contido político, histórico, ciencia, música, romanticismo, viaxes/natureza e poesía. Polo medio situaríanse os relacionados co deporte e a saúde.

Os motivos que os levan a elixir o tipo de lectura son, en primeiro lugar, ter un tema atractivo, seguido dos recomendados por un profesor/a ou amigos. É salientable que segundo se ascende de curso o criterio do profesor/a vai perdendo importancia sendo substituído polo dos amigos e a

PROXECTO LECTOR. IES MURALLA ROMANA

familia. En xeral, o feito de que estea de moda un determinado título ou autor non é significativo para eles.

Para que un libro sexa considerado do seu agrado, valoran nos primeiros cursos a facilidade de comprensión, nos cursos seguintes teñen en conta a trama e o argumento, deixan nun segundo plano a linguaxe ou a brevidade dos mesmos.

Polo que se refire á procedencia das súas lecturas, en xeral son da súa propiedade e fan pouco uso dos servizos de préstamo das bibliotecas, tanto escolar como doutras.

En canto ao emprego das novas tecnoloxías, obsérvase un desequilibrio entre a posesión dos ordenadores, que é xeneralizada, e a posibilidade de acceso a Internet nos fogares, que é moi reducida ou de mala calidade. Por iso, o uso da rede realízase desde as bibliotecas, incluída a do IES, e os cibers.

Os rapaces/rapazas opinan que os seus pais len pouco e cando o fan son revistas e xornais, só ás veces len libros. O alumnado nunca comparte lecturas con seus pais .

Non teñen unha idea clara da cantidade de libros que teñen nas súas casas aínda que a maioría di ter arredor de 50.

Polo que se refire ao gusto pola expresión escrita, sorprende que á maioría gústalles escribir, iso si, SMS e mensaxes de correo, como é previsible nesas idades, seguidos de cartas e poemas.

Acoden ás bibliotecas na súa maioría, sobre todo á do IES, principalmente para estudar ou consultar Internet.

A posible participación en clubs de lectura é minoritaria aínda que recoñecen que é importante ler para os seus estudos e para si mesmos.

En xeral os títulos máis lidos, son os de narrativa, como *O neno co pixama de raias* e *Cuento de Navidad*, *Ollos de auga*, tamén *O neno co pixama de raias* ou as sagas de *Harry Potter*, entre outros.

A maioría delas coinciden coas recomendadas trimestralmente polos Departamentos ou propostas pola Biblioteca.

1.2 Identificación de logros e dificultades

Os alumnos presentan graves deficiencias de expresión oral e escrita que están relacionadas coa falta de hábito de lectura, que debe ser potenciada cun mellor uso e funcionamento da Biblioteca Escolar.

Non abonda con ofrecer libros e ordenadores aos alumnos. O máis importante é saber encontrar a información: as ferramentas da aprendizaxe.

Os alumnos necesitan adestrarse dende pequenos nas técnicas de acceso aos recursos informativos. É na Biblioteca Escolar onde se aprenden de forma natural estes contidos.

Os recursos educativos son deficientes, salvo unha minoría de alumnos con bibliotecas familiares. É relativamente frecuente o ordenador na casa, pero o acceso a Internet non é común. A gravidade da situación que comentamos reafirmamos no papel que a Biblioteca Escolar pode xogar no achegamento dos alumnos ao mundo do coñecemento e a aprendizaxe.

Integrar as novas tecnoloxías na práctica educativa é un presuposto básico da educación. Para iso a Biblioteca debe contar cunha infraestruturas axeitada, que vai máis aló dos libros.

1.3 Análise das metodoloxías empregadas

A posta en marcha do Proxecto Lector require contar con todos os recursos e espazos para a lectura existentes tanto no propio centro coma no seu ámbito. Así, é fundamental coñecer as posibilidades de intervención para favorecer a práctica lectora que se nos ofrece dende diferentes ámbitos:

- A Biblioteca Escolar, coa súa capacidade de intervención global.
- As aulas, a través da creación de seccións documentais específicas para a aplicación máis directa do programa de lectura.
- A familia, coa súa complicidade e apoio.
- A biblioteca pública da zona, coa súa oferta plural e de libre acceso.
- A planificación dun itinerario lector para o alumnado durante toda a etapa de ensino obrigatorio: selección de libros e outros recursos documentais (atlas, dicionarios, películas, documentais, banda deseñada, páxinas web...) e selección de textos axeitados para cada materia.

Actividades e intervencións

O Proxecto Lector tamén pode considerar e integrar outras actividades:

- De produción (talleres creativos, elaboración unha revista, dun traballo documental, creación de grupos de lectores/escritores) que potencien a utilización dos recursos dispoñibles tanto no centro como nas bibliotecas públicas.
- De complemento e enriquecemento a través de saídas (visitas a xornais, librerías, bibliotecas, centros de documentación, teatros), exposicións relacionadas con celebracións e efemérides (homenaxe a obras, a achados científicos, a personaxes, escritores, pintores, científicos...).

1.4 Recursos materiais e humanos: situación da Biblioteca Escolar e outros recursos.

Situación inicial

Durante os tres cursos pasados realizouse unha reestruturación da biblioteca que comezou pola modificación do seu uso, que deixou de ser lugar de simple recollida de libros ou sala de estudo, e do mobiliario e equipamento informático da mesma. Neste momento é un lugar axeitado que invita a achegarse ao alumnado e desde o que se programan as campañas de dinamización da lectura levadas a cabo no centro. Pódese considerar como a principal aula de lectura do centro. O noso seguinte reto é achegar tanto ao profesorado como ao persoal non docente e aos pais/nais. O primeiro tímido intento no curso 2009-2010 consegue que algúns profesores/as participen activamente no club de lectura, pero os pais/nais que se inscribiron, finalmente non se sumaron de forma real á iniciativa.

Equipamento e infraestrutura

A superficie dedicada á biblioteca é de 116,51 m², con accesibilidade para persoas discapacitadas, distribuídos da maneira seguinte:

Sala de lectura:	102,51 m ²
Depósito libros:	14,00 m ²
TOTAL:	116,51 m ²

As dúas paredes que non teñen ventás están ocupadas na súa totalidade por andeis que dispoñen de espazo libre para máis volumes e documentación. Durante o curso 2007-2008 engadíronse expositores para prensa periódica.

Coa remodelación do espazo dedicado á biblioteca, creouse un lugar de lectura diferenciado e dispónse de catro sillóns para lectura de ocio, e mesas adecuadas tanto para o estudo como para a colocación dos seis ordenadores do alumnado. Tamén se mellorou o sistema de xestión informático da biblioteca con dous ordenadores novos, que contan con lectores de códigos de barras, para facilitar o préstamo, identificación de usuarios e catalogación.

O espazo dispoñible na nosa biblioteca é suficiente e ben organizado e non é necesario habilitar outras zonas como aulas de lectura.

Fondos documentais

Desde o curso 2006-2007 ata o presente:

- Rexistráronse case a totalidade dos exemplares que están na biblioteca (uns 12.500 exemplares) e comezouse cos que están noutros espazos do centro (departamentos, sala de profesores, bibliotecas de aula, etc.).
- Fíxose a subscrición ás revistas NATIONAL GEOGRAPHIC, QUÉ LEER, MUY INTERESANTE e SPEAK UP.
- Ampliouse a existencia de obras de carácter divulgativo e de lecer para os alumnos.
- Fíxose unha consulta a todos os departamentos e ampliáronse os fondos segundo as súas peticións, dentro dos límites impostos polos orzamentos ordinarios asignados, máis os fondos especiais obtidos pola participación nos plans de melloras de bibliotecas escolares da Xunta durante os cursos 2007-2008 e 2008-2009.

O rexistro dos fondos está informatizado. Actualmente utilízase un sistema de Clasificación Decimal Universal (CDU), simplificado e adaptado ao uso dunha biblioteca escolar, máis limitado ca o dunha biblioteca pública. O programa usado anteriormente, GBwin32, de pago, foi substituído satisfactoriamente por Meiga.

O préstamo está informatizado, o que permite ter un maior control sobre os recursos máis demandados, o alumnado implícase máis nas actividades de lectura e dispónse dun acceso máis eficaz para os fondos da biblioteca.

Os fondos están razoablemente ben conservados e a última expurgación fíxose no curso 2007-2008, aínda que foi moi limitada.

1.5 Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

Para levar a cabo o Proxecto Lector nun centro educativo, con garantías de obter resultados idóneos, é preciso implicar a toda a comunidade escolar sen excepcións, procurando que cada grupo aporte na medida das súas posibilidades as solucións axeitadas aos problemas que poidan ser detectados e que cooperen na planificación de propostas, obxectivos, estratexias e actividades. Pero, sen dúbida, é o colectivo do profesorado o que máis debe comprometerse nesta tarefa, pois as necesidades e o deseño dos instrumentos formativos comezan e rematan neles como eixo vertebrador da comunidade escolar. Sen un profesorado experto e con coñecementos suficientes para descubrir e solventar as necesidades de formación e información do alumnado, os esforzos serían vans e os resultados desastrosos.

É por iso que o profesorado do Centro debe comprometerse a realizar actividades de formación relacionadas coa tarefa educativa da adquisición de habilidades, competencias e hábitos de lectura co fin de sistematizar o traballo e darlle continuidade e coherencia, buscando afianzar os coñecementos adquiridos a través de distintas fases que deben ser superadas: primeiro a de información e máis tarde as de experimentación e investigación. Non debemos deixar de lado a creación de materiais curriculares organizados nun fondo documental que faciliten á Comunidade escolar estratexias que poidan ser aplicadas na aula e compartidas por todos.

A metodoloxía que deberíamos seguir para lograr os obxectivos será:

- Formación de grupos de traballo e apoio no propio Centro con equipos interdisciplinares de profesores.
- Cursos presenciais destinados á implicación do profesorado.
- Formación a distancia: cursos online e tutoriais.
- Encontros, Congresos e Simposios sobre proxectos de lectura e biblioteca celebrados a nivel local, provincial ou da Comunidade
- Foros e xornadas de debate e intercambio de experiencias con profesores de outros Centros e con expertos na materia para a potenciación de plans concretos.
- Cursos sobre a incorporación das TIC ás estratexias de aprendizaxe e lectura.
- Interactuación co entorno social e familiar e desenvolvemento de redes de Centros e bibliotecas escolares e locais.

Os temas concretos a desenvolver na formación do profesorado serán os seguintes:

- Aprender a elaborar plans de traballo en función dos recursos cos que contamos e en función do alumnado ao que nos diriximos.
- Coñecer os procesos lecto-escritores e os elementos que promoven a adquisición de prácticas lectoras entre os alumnos.
- Formarse para levar a cabo programas para ensinar a investigar e alfabetizar en materia de información ao alumnado.
- Aprender a contemplar nas programacións de aula e de área as propostas para o desenvolvemento dos hábitos lectores e as intervencións na biblioteca para desenvolver actividades de apoio ás actividades específicas.
- Formarse en estratexias de dinamización cultural e de colaboración con outros sectores.
- Formarse en programas específicos para alumnado con fracaso escolar e en situación sociocultural e económica deficientes, inmigrantes, alumnos con problemas...etc.

– Aproximarse ao ámbito da biblioteca escolar, para recoñecer o seu papel dentro da organización do Centro co fin de mellorar a capacidade da organización escolar na utilización dos recursos escolares, e fomentar a súa integración na práctica docente.

2 OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS, METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN

2.1 Obxectivos:

2.1.1 Formación de lectores competentes.

Os alumnado necesita ser lector competente en calquera tipo de soporte, capaz de criticar calquera discurso, mensaxe, texto e imaxe, o que comprendería tamén o manexo e creación de páxinas web, o axeitado uso da internet, correo electrónico, forums, chats, grupos de noticias, etc.

Preténdese formar lectores que ademais de saber interpretar un código, sexa quen de mostrar unha competencia semántica e pragmática, é dicir, comunicativa, que saiba asumir un rol crítico ou analítico identificando as opinións e valores. Un lector crítico debería ou podería recoñecer nun discurso ou produción lingüística, polo menos, o propósito do autor, o xénero ou modalidade discursiva, a ambigüidade, a connotación e a ironía, as voces empregadas, a solidez e viabilidade dos argumentos, os discursos previos, o perfil do lector e a identidade do autor.

A lectura debe de asumirse coma o acto de comprender e interpretar representacións, sexa de carácter lingüístico ou de calquera outra forma de expresión (léanse pinturas, fotografías, xestos, sinais, fórmulas, ecuacións, etc.). Os enunciados que se producen ao falar ou ao escribir son representacións do sentido e sempre teñen unha orixe: o que se leu.

O rol do profesorado, como experto no uso duns códigos é o de axudar a aprendices (como acontece no iniciado dun determinado xogo) a comprendelos e dominalos, é dicir, axudar a saber ler e a saber operar con eles.

2.1.2 Creación e consolidación de hábitos de lectura.

O Proxecto Lector do Centro pretende desenvolver correctamente as estratexias necesarias e as destrezas básicas para o tratamento da lectura comprensiva, a escritura e a expresión oral, a través da aprendizaxe de todas as áreas, das diversas etapas e das diferentes linguas presentes no Centro.

Polo que se refire ás competencias lectoras, obsérvase que o alumnado de Secundaria, polo xeral, comprende os textos nos seus aspectos máis literais e explícitos, sempre e cando non precise de coñecementos previos complexos (tanto referidos ao coñecemento da vida coma a certos coñecementos de índole académica).

Pero pódense detectar moitas carencias, que dende este Proxecto Lector e dende a Biblioteca, se pretenden corrixir. Así, o alumnado non é quen de deducir a idea principal dun texto sen axuda, non ordena xerarquicamente a información, non se sitúa temporalmente se non é obvio, non relaciona a información de textos diferentes, amosa dificultades na estruturación do texto. Igualmente, ten dificultades cando a tarefa que se lle propón implica relacionar os seus coñecementos, tanto da vida coma académicos, para interpretar a información, e presenta moitos problemas gramaticais e léxicos que non lle permite entender un texto complexo en profundidade.

Con estas premisas os obxectivos serían:

- Pronunciar e ler textos correctamente; comprender na súa totalidade o seu contido.
- Aprender a utilizar técnicas que permitan asimilar información; diferenciar as distintas partes dun texto dramático e recoñecer as distintas tipoloxías textuais.
- Tomar conciencia do ton e pausas da lingua falada; mellorar a vocalización de palabras; ampliar vocabulario; respectar as normas básicas de ortografía; e coñecer as normas básicas léxicas e sintácticas.
- Contribuír á formación da personalidade do alumnado mediante a educación en valores.

2.2 Fundamentos.

Tres factores resultan fundamentais no desenvolvemento dos hábitos lectores e competencia literaria: familia, institucións (escola, bibliotecas, editoriais) e o propio texto. Estes factores interveñen no feito literario e son os responsables da creación de lectores competentes.

A lectura de textos literarios é maiormente apreciada como instrumento ao servizo doutros fins educativos, coma a comprensión lectora, a adquisición de léxico, a percepción dalgúns rudimentos de teoría literaria, as primeiras aproximacións á historia da literatura, etc.

Trátase de fomentar persoas autónomas e dotadas de capacidade crítica, como propugnan a miúdo os decretos ministeriais, non abonda ensinar a lectura como desciframento dun código, senón que convirá inculcala como afección e necesidade intelectual.

Traballar a competencia literaria implica desenvolver no alumnado criterios valorativos sobre a significación cultural e artística do texto encamiñada cara a unha recepción construtiva do significado do discurso literario.

2.3 Metodoloxía e recursos:

Entre as actividades para levar a cabo estes obxectivos pódense destacar: Lectura comprensiva; lectura expresiva; ton, ritmo e pausa; exercicios de expresión escrita; exercicios de exposición e argumentación oral; exercicios de ortografía e titorías de apoio para todas as actividades.

2.3.1 Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.

A metodoloxía xira arredor de actividades onde se desenvolven todos estes exercicios que reforzan o coñecemento do alumnado e que se apoia co traballo nas titorías.

Á vez que prepara a clase, convén que o profesorado dedique uns minutos a analizar o contido xeral e conceptual da unidade didáctica e que transmita ao alumnado estas nocións xunta coas técnicas de estudo. Partindo da idea de que a lectura debe ser comprensiva, na aula deberían utilizarse tres tipos:

- A lectura previa ten como obxecto achegarse de forma global ao tema. En xeral, pásase por enriba daquilo que non se comprende nun primeiro momento eponse a énfase no que se entende. É unha práctica habitual do profesorado e con moi bos resultados facer que o alumnado lea previamente a lección e confeccione dous listados, un cos conceptos que entenderon e outro cos que non o fixeron. Convén que o profesorado dea certas claves de lectura, xa que estas axudan a facela máis eficaz. Son claves de lectura a estrutura do tema, as preguntas ás que pretende responder o devandito tema, as interrelacións entre os conceptos e o seu contexto cultural e histórico, entre outros.
- A lectura lenta e minuciosa pretende comprender todas e cada unha das partes do texto ou da lección, e é unha lectura analítica. O alumnado non avanza ata que comprende e se é preciso volve cara a atrás para ratificar ou rexeitar unha idea. Nesta modalidade de lectura a intervención e colaboración do profesorado é dunha grande axuda, porque á dificultade de comprender uns conceptos novos engádese a da linguaxe escrita en que se transmiten. Por iso, non supón unha perda de tempo ler co alumnado e axudarlle a desentrañar os textos; loxicamente esta non debe ser a única práctica de ensino, pero si convén que estea moi presente no repertorio metodolóxico do profesorado.
- A lectura de síntese e asimilación é unha lectura persoal e esixe, igual ca a anterior, unha concentración e atención. Esta lectura pretende a elaboración persoal e a retención de forma significativa dos conceptos e as súas relacións. A lectura comprensiva é a grande aliada da nosa memoria posto que entender o significado dos conceptos facilita a súa retención.

En cada área e en cada curso existe un vocabulario propio que se refire aos conceptos que se presentan ao alumnado.

Na programación didáctica rexístranse os termos básicos que se van traballar en cada curso escolar, tendo en conta que a aprendizaxe do vocabulario específico de cada área non constitúe un fin senón un medio para a súa comprensión.

2.3.2 A aplicación das aprendizaxes lectoras na escrita.

A escritura é un proceso mecánico, unha destreza psicomotriz mediante a cal se aprende a escribir palabras e oracións e, xustamente, dese exercicio sistemático e progresivo, depende a súa soltura e lexibilidade. Debemos procurar, por un lado, que a caligrafía do alumnado non perda lexibilidade e, por outro, preservar o seu estilo persoal. A escritura é adecuada para aprender a razoar por varios motivos.

Por un lado, expoñer unha idea implica primeiro facela túa. Por outro lado, a escritura é esixente e obriga ao alumnado a buscar a palabra axeitada, a non deixar buratos nas liñas de razoamento, a buscar exemplos apropiados...

Para lograr un dominio eficaz da escrita, o Proxecto Lector propón crear talleres de escritura creativa, de contos e novelas.

Estes talleres intentan afeccionar ao alumnado á escritura, son esenciais para aqueles que teñen importantes deficiencias no dominio dos aspectos normativos, formais e estilísticos básicos. Diríxese a todo o alumnado para que logre expresarse con corrección, puír o seu estilo e organizar os seus escritos presentándoos de forma axeitada.

O profesorado supervisa dúas veces ao mes os textos recibidos a partir das propostas de traballo. Para sacarlle o maior partido é conveniente ler e comentar tamén os exercicios de compañeiros/as.

O taller funciona coma un foro no que se poden ver os exercicios de compañeiros/as e os comentarios do coordinador, e están sempre dispoñibles para os integrantes do grupo.

O taller toma o relato curto como xénero arredor do cal organizar o traballo, aínda que este non é protagonista único, pois a maioría dos temas a tratar, tanto técnicos como estilísticos, son de interese extensivo a outros xéneros coma a novela. Un dos nosos obxectivos prioritarios é axudar a desenvolver e a afianzar unha disciplina de creación e reflexión a longo prazo.

É conveniente dar unha proxección exterior ás actividades relacionadas coa lectura e a escritura: debates, charlas para outros alumnos, artigos para o xornal escolar, escenificacións, programas de radio, exposicións, murais, etc.

O uso de dicionarios e libros de consulta e divulgación é un recurso inestimable para desenvolver no alumnado actitudes de rigor e gusto pola precisión, así coma a adquisición de novo vocabulario.

As programacións didácticas de todas as áreas concretarán os aspectos relativos á lectura e expresión escrita propios de cada unha delas. Así mesmo, o Centro realizará as actuacións pertinentes relativas á elaboración dos axeitados instrumentos de avaliación e incluírá os resultados obtidos na información de aprendizaxe do alumno.

2.3.3 Promoción das actividades lectoras nas Programacións dos Departamentos.

Este é, sen dúbida, un traballo fundamental se queremos mellorar a comprensión lectora e a capacidade de expresión escrita. É tamén o de máis complicada actuación debido á cultura escolar dominante nos centros de Secundaria con pouca tradición de traballo en grupo.

Os obxectivos do traballo neste ámbito teñen máis que ver, obviamente, na consideración da lectura como instrumento básico de aprendizaxe ca como fonte de pracer, e tentarán estender o traballo lector aos Departamentos de materias non lingüísticas con menor tradición de metodoloxías de traballo relacionadas coa comprensión lectora e a expresión escrita nestas liñas de acción:

- Na ensinanza de estratexias de competencia lingüística.
- No fomento do hábito lector.
- Nas actividades de educación documental (educación na información).
- No traballo lector específico con alumnado con Necesidades Educativas Especiais.

As actuacións que contempla o Proxecto Lector neste campo serían, en secuencia temporal, as que seguen:

- Difundir a existencia, obxectivos e propostas do Proxecto Lector e dos Planos Anuais de Lectura mediante reunións de xefes de Departamentos, grupos de profesores, páxina web do Centro, etc.
- Realizar propostas de modificación da estrutura das Programacións Trimestrais dos Departamentos coa inclusión de apartados para o Plan Lector. Neste sentido promoverase a introdución dun novo apartado nas programacións no que se inclúa a achega da materia ao plan de lectura libre, e as actividades relacionadas coa lecto-escritura que cada materia deseñe coa súa temporalización.
- Fixar un tempo mínimo para a lectura en todas as materias.
- Coordinación da esixencia de lectura obrigatoria dos distintos Departamentos para evitar acumulacións excesivas.
- Realizar propostas de cambios nos obxectivos, nas metodoloxías, nas actividades de aula e nos instrumentos e criterios de avaliación das actividades de traballo lector aos Departamentos non estritamente lingüísticos.

2.3.4 Promoción da lectura na casa.

A promoción da lectura na casa insistirá na concepción da lectura como fonte de pracer e desenvolvemento persoal da que vimos de falar no apartado anterior. Este traballo baséase na colaboración coas familias para que faciliten a lectura no fogar, o que esixe un contacto do Centro con elas sobre todo a través da titoría, das reunións regulamentarias ao comezo do curso, de reunións de carácter extraordinario que con esta fin se convoquen, de contacto coas asociacións de pais, por medio da páxina web do Centro. A través destes contactos tentarase acadar un tempo mínimo de lectura na casa para a meirande parte do alumnado.

Dende a Biblioteca tentarase tamén enviar os boletíns de novidades ou suxestións e folletos de libros aconsellados que o Centro deseñe en datas sinaladas, así coma organizar outras

actividades de tipo lúdico coas que se pode implicar á familia e con xogos coma o da maleta viaxeira, por exemplo.

2.3.5 Promoción doutras bibliotecas.

Igual có anterior, este apartado incidirá na lectura como fonte de pracer e desenvolvemento persoal. O traballo neste campo é fundamental, dado que lle fornece ao alumnado con materiais de lectura en períodos nos que o Centro está pechado. Alén disto, é necesario que o alumnado vexa a lectura coma algo desvinculado por suposto do curricular, pero tamén do ámbito escolar. Non só se dará publicidade ás bibliotecas locais a través da páxina web do instituto senón que se fomentará o uso do préstamo intercentros con outros institutos, xa comezado co intercambio de libros para o Club de Lectura.

2.3.6 Recursos.

Os recursos utilizados son:

- a) Recursos textuais e documentais:
O principal recurso é o libro de texto do alumnado. Así mesmo, achéganse outros materiais didácticos: actividades, textos complementarios, apuntamentos, etc.
O Centro dispón dunha Biblioteca, con hemeroteca e ordenadores, onde o alumnado pode consultar todo tipo de libros de carácter xeral (enciclopedias, dicionarios, de lectura, revistas, periódicos, ...)
- b) Recursos de imaxe e son:
O noso Instituto dispón de material audiovisual, tanto fixo coma móbil entre aulas (taboleiro dixital, canóns, ordenadores, reprodutor de DVDs,...).
- c) Novas tecnoloxías:
Para abordar o desenvolvemento dos contidos do currículo referentes ás Novas Tecnoloxías, o Proxecto Lector apoiárase no desenvolvemento das TIC para o Centro aprobado polos organismos reitores do IES.

2.4 Organización:

2.4.1 Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

Dende o Proxecto Lector preténdese potenciar a creación de espazos para a lectura nas aulas, na Biblioteca..., así como a distribución temporal da actividade lectora.

Polo que se refire á creación de espazos, cremos necesario reforzar as pequenas bibliotecas de aula nos grupos de 1º e 2º da ESO, mellora que se irá facendo extensiva ao resto dos niveis. Estas bibliotecas deberían contar, alomenos, con dicionarios, atlas, libros de consultas propios de cada materia, ademais de obras de lectura axeitadas a cada nivel e recomendadas polo profesorado, familias e propostas polo propio alumnado.

A Biblioteca dividirase en varios espazos: un dedicado ás consultas, outro ao traballo individual e colectivo, un máis para traballar coas TICS, outro de préstamo e, finalmente, fomeantarase o “espazo de lectura informal” xa creado. Con este preténdese crear unha atmosfera na que a lectura sexa un elemento primordial. Favorecerase un ambiente idóneo para a práctica lectora,

PROXECTO LECTOR. IES MURALLA ROMANA

con moita luz, tratando de reducir o nivel de ruído, rotulación dos andeis que faciliten a busca do libro requirido (espazo para narrativa, poesía, teatro, cómics, revistas...).

Polo que se refire á organización dos tempos de lectura na aula no Proxecto Lector, esta estará supeditada ás decisións marcadas dende a Consellería e as que se tomen conxuntamente nos órganos colexiados do Centro. Non obstante, no Plan Anual de Lectura existirán as propostas horarias, nas que se procurará tamén que as horas de titoría e gardas sexan aproveitadas, entre outros fins, para desenvolver o Plan Lector.

2.5 Coordinación do Proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.

A coordinación estará a cargo do Equipo de Biblioteca, que terá como tarefas:

- Colaborar na selección dos materiais.
- Xestionar a circulación dos fondos.
- Responder ás necesidades dos Departamentos na organización da Biblioteca de aula.
- Prever un itinerario lector no Centro, evitando repeticións e procurando unha variedade e equilibrio dos recursos.
- Adecuar os fondos de cada aula aos diferentes plans e proxectos que se levan a cabo no Centro.

Neste proxecto deberán participar:

- Os Departamentos, facilitando guías de lectura obrigatoria e complementaria e cooperando nas actividades propostas no Plan Anual de Lectura.
- O Equipo de Orientación, informando sobre novas propostas.
- O Equipo de Normalización Lingüística, intentando acadar o consenso e a implicación de toda a Comunidade Educativa na aplicación das liñas de actuación do Centro en materia de linguas.
- A Comunidade Escolar con propostas dos representantes no Consello Escolar.

3 INTERVENCIÓNS QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR:

3.1 Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas

Para mellorar as capacidades lectoras do alumnado, dende o Proxecto Lector pódense suxerir as seguintes pautas:

Antes de ler:

- Procurar que o tempo e o ambiente elixido para a lectura sexan apropiados, nun clima de acougo e sen elementos que distraian a lectura.
- Presentación do texto e do autor. Motivos da súa elección. Obxectivos da lectura.

PROXECTO LECTOR. IES MURALLA ROMANA

- Toma de conciencia acerca dos coñecementos previos sobre o autor e o texto.

Durante a lectura:

- Lectura previa para tomar contacto co texto, que debería ser lenta e minuciosa, para comprender todas e cada unha das súas partes. Farase en silencio.
- Lecturas sucesivas para garantir a comprensión: aclarar dúbidas de vocabulario, captar as ideas que expón o texto, os sentimentos e pensamentos que nos evoca, o ritmo que require, a cadencia, a entoación.
- Lectura de síntese e asimilación. O profesorado pode nesta sección, cunha breve lectura en voz alta, intentar que o alumno coide o ton, a vocalización, as pausas, signos de puntuación, velocidade, etc.

Realizar na aula, a modo de glosario da área, un pequeno dicionario cos termos novos que van aparecendo, acompañados do seu significado ou acepción máis adecuada ao tema e coidar de que, unha vez entendidos e asimilados os conceptos, sexan redactados comprensivamente polo alumnado coas súas propias palabras.

Despois da lectura:

- Reflexión sobre as dificultades encontradas
- Comentario sobre o que lle suxeriu a cada persoa, que sentiron os lectores e os oíntes, que pensan que sentiu o autor, etc.
- Resumo oral, no primeiro ciclo da ESO, e escrito do lido.
- Propostas para afondar noutras obras do autor, ou no mesmo tema con textos doutros escritores, etc.

Nos cursos máis avanzados debemos aproveitar esta actividade para propiciar a reflexión sobre as características da lingua oral e da escrita, sobre os recursos lingüísticos usados para conseguir beleza, sobre os trazos formais das tipoloxías textuais e os xéneros literarios...

3.2 Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas.

Usaranse as seguintes estratexias:

- Fomentar o uso da Biblioteca de Aula e da Biblioteca Escolar, concibida coma un centro de recursos organizado que utiliza calquera tipo de soporte, apoia a aprendizaxe activa de todas as áreas do currículo e fomenta a igualdade educativa de todo o alumnado.
- Promover a utilización de dicionarios e libros de consulta e divulgativos
- Exercer un papel activo axudando ao alumnado a elixir un libro tendo en conta a súa idade, ritmos de aprendizaxe e características peculiares.
- Motivar e incentivar ao alumnado para que adquira progresivamente gusto pola lectura. Neste sentido manterase o Club de Lectura, tentando ampliálo á participación de profesorado e familias.
- Ofertar como actividade extraescolar un “taller creativo de lectura e escritura”, coordinado por algún membro do equipo de Biblioteca.
- Publicitar por medio de exposicións, paneis, debates, etc., para favorecer que as lecturas realizadas teñan unha proxección exterior, de forma oral ou escrita.
- Informar e orientar ás familias na colaboración coa Biblioteca do Centro.
- Implicar ao alumno no uso das tecnoloxías da información e a comunicación coma recurso inestimable para desenvolver progresivamente actitudes que favorezan a aprendizaxe.

3.3 Actividades de educación documental (educación en información).

Desenvolveranse as seguintes actividades:

- Organizar e xestionar os medios e recursos da biblioteca do Centro, manténdoos actualizados e útiles e informar sobre as novidades e a súa utilización na Aula.
- Promover que o alumnado coñeza todos os medios ao seu alcance para acceder a unha información concreta, veraz e útil (na aula, na Biblioteca, na casa, ...).
- Indicar o funcionamento da Biblioteca no que se refire á busca da información nos fondos dispoñibles (CDU, paneis indicativos), ao acceso ao préstamo (sobre todo ao alumnado de 1º ESO) e ao uso dos diferentes espazos e recursos.
- Guiar ao alumnado na selección da información na Internet, discriminando a información superflua da correcta e necesaria.
- Colaborar e impulsar no Centro cantas iniciativas e proxectos se propoñan en relación co fomento da lectura e a mellora da expresión oral e escrita.
- Atender e mellorar as peticións do servizo de préstamo, propor novidades editoriais e recomendar a lectura adecuada para cada alumno/a.

3.4 Integración das TIC.

Tentarase incorporar as ferramentas TIC nos hábitos lectores do alumnado.

Aproveitarase a dotación actual de equipamento informático do Centro para que o alumnado saiba apreciar estas ferramentas coma un medio útil na procura de información, na mellora dos seus hábitos lectores e dun mellor coñecemento da Biblioteca Escolar.

PROXECTO LECTOR. IES MURALLA ROMANA

Dentro deste apartado incluímos aqueles obxectivos xerais do proxecto, que son os seguintes:

- Ter unha biblioteca catalogada informaticamente. Neste sentido, o que se pretende é utilizar a aplicación Meiga para ter unha catalogación eficiente e universal dos nosos fondos bibliográficos.
- Dispor dun servizo de procura na páxina web do Centro e no blog de Biblioteca para poder consultar o catálogo de fondos. Trátase de conseguir unha coordinación eficiente entre os distintos sistemas informáticos para que o catálogo Meiga que se atopa no computador da nosa Biblioteca sexa accesible desde calquera posto conectado a Internet.
- Dispor no noso blog de información sobre normas de uso, aspectos xerais, clubs de lectura, recomendacións, etc. Procurarase que aspectos relevantes da nosa Biblioteca, punto de lectura e aulas sexan difundidos a través da Internet.

Dentro do primeiro ciclo da ESO poderíase fomentar a actividade lectora apoiándose nas TIC coa seguinte actividade:

1. Acceder á páxina web do Centro e a diferentes blogs ou foros de opinión para intercambiar información sobre lecturas con alumnado da mesma idade e intereses.
2. Tras atopar a lectura desexada, poden consultar a súa dispoñibilidade na Biblioteca do Centro a través da páxina de enlace á catalogación e realizar, con posterioridade, o seu préstamo na propia Biblioteca.
3. Unha vez rematada a lectura, cun novo acceso á páxina web ou blog do Centro introducirase a valoración sobre o libro para que outros alumnos poidan consultala.
4. Achegaranse interesantes páxinas web para lectores.

3.5 Implicación das familias e do entorno.

Para o correcto fomento da lectura no noso Centro, este debe dar a coñecer ás partes implicadas o seu proxecto de lectura a través de:

- Elaboración dun tríptico que dea a coñecer o plan ás persoas interesadas.
- Explicación do Plan ás familias nas reunións de principio de curso.
- Organización dalgunha charla que trate deste tema en colaboración coa ANPA.
- Fomento da participación nas actividades como, por exemplo, clubs de lectura.
- Difusión sobre os medios de que dispón o Centro para buscar información (na páxina web do Centro ou no Blog da Biblioteca).
- Orientación ás familias sobre o que poden facer para axudar a mellorar a lectura dos seus fillos en diversas reunións e con entrevistas persoais.

Neste sentido poden desenvolver estes aspectos:

- Estimular nos fillos a lectura co exemplo propio (se os pais len é máis doado que os fillos os imiten).
- Ler con eles uns minutos (xornais, contos, cómics, textos literarios...) cada día para mellorar a lectura mecánica e comprensiva.
- Comentar o que se le para facilitar a comprensión lectora e a expresión oral.
- Regalar libros de acordo cos intereses individuais.

4 CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación serviranos para revisar, reconducir e modificar, cando sexa necesario, calquera aspecto que non cumpra o seu cometido.

4.1 Elaboración de instrumentos.

Durante o curso, o coordinador ou coordinadora da Biblioteca Escolar e o seu equipo confeccionarán nun proceso continuo de indagación, unha serie de indicadores, criterios e referencias que lle permitan coñecer o desenvolvemento das actividades do proxecto e o seu grado de incidencia na vida escolar. A planificación das actividades estará en constante revisión.

A avaliación ten que ter en conta aqueles obxectivos formulados no Proxecto de lectura e escritura de Centro que só poden ser valorados a longo prazo, tales como os hábitos de lectura do alumnado que participou nas actividades propostas. O balance global dos resultados da súa posta en práctica debe facerse ao final do proceso, atendendo aos elementos e participantes aos que se dirixiu e segundo os aspectos claramente avaliábeis, tales coma:

Proxecto Lector:

- Apoios recibidos dende a Biblioteca Escolar.
- Utilización dos servizos de préstamo.
- Aplicación das estratexias propostas para o fomento da lecto-escritura.
- Información das actividades realizadas durante o desenvolvemento do proxecto.
- Uso das TIC na procura de información.
- A implicación dos axentes participantes.

Profesorado:

- Inclusión do Proxecto Lector nas súas programacións.
- Cambio de actitude metodolóxica no que atinxe á lecto-escritura.
- Propostas de uso da Biblioteca por parte dos Departamentos nas distintas materias.
- Colaboración en actividades extraescolares organizadas pola Biblioteca Escolar.
- Actividades de formación realizadas no ámbito Biblioteca Escolar.

Familias:

- Coñecemento dos obxectivos do Plan.
- Recursos materiais e humanos que achegan.
- Papel das familias como axentes dinamizadores.

Comunidade:

- Resposta ofrecida ante as demandas de colaboración.
- Disponibilidade para ofrecer os seus recursos.
- Colaboración coa Biblioteca Pública Municipal.

Alumnado:

- Nivel de lectura e hábito creado a través das estratexias desenvoltas no Proxecto.
- Mellora no dominio da expresión escrita.
- Autonomía e participación do alumnado nas actividades.
- Utilización dos recursos da Biblioteca Escolar e das TIC.

4.2 Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación.

Para comprobar a consecución dos obxectivos propostos no noso Plan de lectura levaranse a cabo, trimestralmente, distintas probas que avalíen as habilidades e competencia lectora do alumnado, utilizando como parámetros o uso das seccións documentais de aula, as visitas e uso da Biblioteca, os encontros con autores, as valoracións nas reunións de avaliación, etc.

Así mesmo, tamén se poden usar como fonte de información:

- Enquisas relativas aos hábitos de lectura, tendo en conta, por exemplo, o número de consultas do servizo de préstamo, os informes do programa de xestión, a participación do alumnado e familias nos clubs de lectura.
- Elaboración de estatísticas que permitan a comparación con datos de futuros cursos.
- As memorias de finais de curso de cada un dos Departamentos.
- Recolleita dos resultados conseguidos nas actividades propostas dende o Plan Lector.

O Equipo do Proxecto Lector

M Belén Mosquera Camba
Juan Carlos Salgado Rodríguez
M Julia Gráciela Villamil Fernández